



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 11 DE SETEMBRO DE 2025

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 11 de setembro de 2025 reúnen-se na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria urxente e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D^a. María Amalia Díaz Rodríguez
D. Darío Santalla López
D. Jose Manuel Luaces Piñón
D. Julián Blanco Rodríguez
D. Brais Prieto Verdial

Non asisten, con causa xustificada:

D. Diego Graña Pérez
D^a Rocío Martínez Martínez
D^a María de los Dolores Pita Anca

Secretario: Ignacio H. Domínguez Simons

Constátase a presenza de membros deste órgano en **quórum suficiente**, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobar se procede a ratificación da urxencia da presente convocatoria.

O Alcalde explica que por mor do atraso na entrega dos proxectos que servirían de base para solicitar as subvención da Deputación, non se puido convocar o pleno antes, toda vez que se descoñecía o importe das obras.

O alcalde dálles a palabra aos concelleiros por si queren solicitar algunha aclaración.

Don Brais amosa o seu malestar co feito de convocar de urxencia. Considera que este feito estase a converter na dinámica de actuación do Concello.

Feito este comentario, o Alcalde somete a votación a ratificación da urxencia co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: 4
VOTOS EN CONTRA: 0
ABSTENCIÓNS: 2

Como resultado da votación, queda ratificada a urxencia da convocatoria polo que continua a sesión.



Concello de Cerdido
 As Felgasas, s/n, A Barqueira
 15569 Cerdido (A Coruña)
 981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



2. Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+AD2b-SOLICITUDE/2025 da Deputación Provincial da Coruña.

O alcalde pasa a dar lectura á proposta que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Dada a apertura da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+AD2b-SOLICITUDE/2025 da Deputación Provincial da Coruña, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	0

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
	0	0	0	0	0
TOTAL	0	0	0	0	0

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos)	Total concello	



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



			abastecem. auga potable)		
Arranxos nos lavadoiros de Travesas e Fercoi	31.357,01	0	0	0	31.357,01
Pavimentación de vias en o Porto (a Barqueira) e outro	129.038,38	0	0	0	129.038,38
TOTAL	160.395,39	0	0	0	160.395,39

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzament o Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concell o	
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)	0	0	0	0	0
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025	0	0	0	0	0
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	160.395,39	0	0	0	160.395,39
TOTAL	160.395,39	0	0	0	160.395,39

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



7.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*”

Lida a proposta, o Alcalde concede a palabra aos membros do pleno por si precisan algunha aclaración.

O voceiro do PSOE, don Brais Prieto, queixase de haber pedido acceso aos proxectos e non obter resposta nin acceso. Pregunta en que consisten as obras e os criterios de selección dos lavadoiros a reparar.

O alcalde informa que se vai arranxar a estrutura e tellado, e mellorar a accesibilidade, sobre todo das Travesas. Que non se seguiu ningún proceso de selección. Que se van arranxar de dous en dous e seguir reparando todos os do Concello. Que no das travesas foi preciso facer modificacións por orden de Patrimonio.

Que a obra de pavimentación de O Porto vai ser aglomerado ata a rotonda e a parte de abaixo rego.

Respecto ao non acceso ao expediente por falta de resposta do Concello, o Alcalde lamenta o sucedido e empra a don Brais para acudir ás dependencias do Concello o martes as dez da mañá

Feitas as aclaracións pertinentes, o Alcalde somete a proposta a votación co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: 6

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Como resultado da votación, o Pleno do Concello de Cerdido aproba por unanimidade dos asistentes, que representa maioría absoluta, participar na segunda fase do POS+2025 co contido transcrito *ut supra*.

E sen mais asuntos a tratar, o Alcalde, Don Alberto Rey paz, levanta a sesión ás vinte horas e corenta e dous minutos do 11 de setembro de 2025, do que eu, como Secretario do Concello de Cerdido, dou fe.